

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
HOT	Hostalaría e turismo	CMHOT02	Servizos en restauración	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0158	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	53

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA ALONSO ALONSO
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desenvolver a propia iniciativa no ámbito empresarial, tanto cara ao autoemprego como cara á asunción de responsabilidades e funcións no emprego por conta allea.

A formación do módulo permite alcanzar os obxectivos xerais l) e m) do ciclo formativo, e as competencias i), m) e n).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Manexo das fontes de información sobre o sector das empresas de restauración, incluíndo a análise dos procesos de innovación sectorial en marcha.
- Realización de casos e dinámicas de grupo que permitan comprender e valorar as actitudes das persoas emprendedoras e axustar a súa necesidade ao sector de restauración.
- Realización dun proxecto empresarial relacionado coa actividade de restauración, composto por un plan de empresa e un plan financeiro, e que inclúa todas as facetas de posta en marcha dun negocio.

O plan de empresa ha incluír os seguintes aspectos: maduración da idea de negocio, localización, organización da produción e dos recursos, xustificación da súa responsabilidade social, plan de marketing, elección da forma xurídica, trámites administrativos, e axudas e subvencións.

O plan financeiro ha incluír o plan de tesouraría, a conta de resultados provisional e o balance previsional, así como a análise da súa viabilidade económica e financeira.

É aconsellable que o proxecto empresarial se vaia realizando conforme se desenvolvan os contidos relacionados nos resultados de aprendizaxe.

O correcto desenvolvemento deste módulo esixe a disposición de medios informáticos con conexión a internet, e que polo menos dúas sesións de traballo sexan consecutivas.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio		8	30
2	O entorno da empresa e o mercado		22	30
3	Diferentes formas xurídicas das empresas		7	20
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa		16	20

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa emprendedora e idea de negocio	8

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da restauración.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito da restauración que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de restauración (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.). A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia. Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración. Actuación das persoas emprendedoras no sector da restauración. O risco como factor inherente á actividade emprendedora. Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social. Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas. Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da restauración.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O entorno da empresa e o mercado	22

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.

Criterios de avaliación
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de restauración en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa restauración e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas de restauración, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de restauración e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

4.2.e) Contidos

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de restauración: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de restauración: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresarial. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Contidos
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Diferentes formas xurídicas das empresas	7

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da restauración.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de restauración tendo en conta a súa localización.

Criterios de avaliación

CA3.9 Inclúíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

4.3.e) Contidos
Contidos

Formas xurídicas das empresas.

Responsabilidade legal do empresario.

A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.

Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.

Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.

Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de restauración.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Financiación, contabilidade e xestión da empresa	16

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbóronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionadas coa restauración, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimes
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector da restauración.</p> <p>Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.</p> <p>Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.</p> <p>Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.</p> <p>Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.</p> <p>Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de restauración: documentos administrativos e documentos de pagamento.</p> <p>Coidado na elaboración da documentación administrativo-financiera.</p>

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos exixibles para acadar a avaliación positiva deberán ser interiorizados e levados á práctica na elaboración do Plan de Empresa que será imprescindible para a superación do módulo. Estes son os establecidos como tales en cada UD, en concreto:



- Identifícase o concepto de empresa.
- Determinouse o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
- Recoñeceuse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
- Identifícanse os principais compoñentes do contorno xeral e específico que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
- Defínense os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
- Determinouse a importancia da creatividade, da innovación e a factibilidade dos produtos ou servizos ofertados.
- Identifícase a función comercial e a investigación de mercados nun proxecto empresarial.
- Identifícase a importancia da selección do persoal da empresa.
- Calculáronse os custos de persoal tendo en conta as obrigas da empresa coa seguridade social.
- Analizáronse os elementos que inflúen na formación do prezo.
- Identifícase a importancia da promoción, do plan de marketing e das vendas.
- Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determináronse as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio, con particular atención ás de economía social.
- Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
- Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
- Identifícase a importancia dos tributos como variable para a elección da forma xurídica.
- Identifícanse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena o mediana empresa en función da súa forma xurídica.
- Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
- Elaboráronse correctamente os balances de situación.
- Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, es especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, a liquidez e ás rendibilidade da empresa.
- Estudouse o equilibrio da estrutura financeira e o fondo de manobra.
- Identifícanse os ratios financeiros.
- Defínense as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resumes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións trimestrais e liquidacións anual).
- Describíronse as actividades e os procesos básicos para liquidar o IRPF e o IS.
- Identifícase a mecánica de funcionamento do IVE, distinguindo IVE soportado do repercutido e cumprimentando correctamente una liquidación do imposto.
- Identifícanse as taxas e impostos locais e valorouse a súa importancia para a empresa.
- Formalizouse con corrección, a documentación básica de carácter comercial (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e mediana empresa e describíronse os circuitos que recorre esa documentación na empresa.
- Identifícanse as principais fontes de financiamento da empresa.
- Realizouse un orzamento de tesourería en relación ao proxecto a desenvolver.

- Elaborase un pna de empresa.

A avaliación permitirá valorar en que medida se acadaron os resultados da aprendizaxe propostos, e, en consecuencia, medir en que grao se adquiriron as competencias. A avaliación realizarase ao longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo.

Criterios de cualificación:

A cualificación final do módulo será a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais. A cualificación, será numérica, sen decimais, redondeándose por exceso ou defecto.

En todo caso a cualificación de cada resultado de aprendizaxe virá dada polas puntuacións obtidas utilizando para elo os instrumentos de avaliación que se sinalan en cada criterio de avaliación. Considerarase que o alumno/a superou o resultado se obtén unha puntuación mínima de 5 sobre 10 puntos.

O alumno superará o módulo sempre e cando alcance o mínimo exixible en todos e cada un dos resultados de aprendizaxe, polo que o alumno/a que non realice positivamente algunha proba/actividade/traballo proposto en tempo e forma, non superará o módulo.

A cualificación por trimestre calcularase como a media ponderada de:

- Seguimento das actividades de aula e análise de traballos individuais ou en grupo (poden ser actividades ou casos prácticos a resolver. Incluirá en todo caso a elaboración o longo do curso dun plan de empresa de acordo coas explicacións teórico/prácticas do profesor e as instrucións facilitadas polo mesmo respecto o seu contido mínimo e prazos de presentación dos seus distintos apartados): valorándose a participación, interese, presentación-claridade, orde, prazos de entrega, dominio dos contidos, calidade.... Tipo de cualificación: de 1 a 10 puntos. Ponderación na nota: 60%.

- Realización de probas específicas de coñecemento (poden conter preguntas cortas, exercicios para solucionar, preguntas tipo test ou preguntas verdadeiro/falso): Consistirán nunha ou mais probas obxetivas por avaliación que terán carácter teórico y/o práctico. Entre todas as realizadas no trimestre, calcularase a media aritmética, sempre e cando o alumno obteña como mínimo 5 puntos en cada unha das probas. Ponderación na nota da avaliación: 40%.

Para a avaliación das actividades de aula se establecerá un guión no que o alumnado poda consultar os aspectos que serán obxecto de avaliación, e poden ser variables o longo do curso e dependendo das características da actividade. As actividades que se comprobren copiadas serán valoradas cun 0.

Na realización das probas obxetivas poderá usarse calculadora, quedando prohibido o emprego de teléfonos móbiles, tabletas ou calquer dispositivo de comunicación co exterior, así como calquera outra forma fraudulenta, de tal xeito que os alumnos que se encontren en estas circunstancias non superarán o módulo.

Polo tanto, o mínimo esixible para obter unha valoración positiva en cada avaliación é que se realizaron todas as actividades propostas polo profesor durante o curso, en tempo e forma, e que a nota obtida cos

diferentes instrumentos de avaliación sexa como mínimo de 5 puntos.

A cualificación, será numérica, entre 1 e 10, sen decimais. En todos os casos nas actas de avaliación parciais ou na final, a puntuación redondearase por exceso ou defecto o enteiro mais próximo. Os alumnos que non acaden unha nota de cinco puntos na cualificación, estarán obrigados a realizar probas de recuperación se o profesor decide realizalas ben despois de cada trimestre ou ben unha proba final. A cualificación final do módulo superado en avaliacións parciais calcularase como a nota media das diferentes notas parciais obtidas nas avaliacións parciais.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

1. Actividades de recuperación/reforzo/apoio:

-Os alumnos serán avaliados parcialmente en cada trimestre. Se algún alumno/a non supera unha ou varias avaliacións parciais se lle fará unha proba de recuperación despois da avaliación correspondente, co obxecto de obter como nota máxima 5 puntos, cualificación coa que se fará media co outro trimestre. A superación da avaliación posterior non comprende as anteriores agás que expresamente se indique o contrario polo profesor. Para a superación do módulo teranse en conta ás circunstancias académicas particulares de cada alumno/a, avaliadas de xeito obxectivo (cualificación numérica da anterior, asistencia a clase, traballos realizados e resultados, participación na aula, comportamento cos demais alumnos e co profesor).

-Os alumnos que non teñan as dúas avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final, así como presentar un plan de empresa para superar o módulo.

-Se o problema estriba na dificultade de comprensión efectuaranse tarefas de reforzo naquelas unidades que o requiran. Así, para cada unidade didáctica, programaranse actividades de recuperación, tales como:

- . Realización de casos prácticos.
- . Traballos individualizados.
- . As actividades de recuperación do módulo determinaranse a partir do informe de avaliación individualizado.
- . Todo elo de acordo cos contidos mínimos de ditas unidades didácticas.

Para superalo módulo pendente o alumnado debe acadar como mínimo 5 puntos.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aqueles alumnos que teñan perda do dereito a avaliación continua deberán realizar entre o mes de marzo e o mes de xuño unha proba de avaliación extraordinaria que consistirá na realización dunha proba escrita,

na que o alumno deberá acadar unha puntuación mínima de 5 puntos, sen perxuízo de que o profesor poda plantexar tarefas a realizar polo alumno pudiendo ter as mesmas carácter avaliable .

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O proceso de avaliación desta programación para comprobar se acada a súa finalidade, seguirá estes criterios:

- Adecuación dos contidos recollidos para acadar as aprendizaxes propostas e a súa adecuación as características do ámbito produtivo e as necesidades do alumnado.
- Valoración do seguimento da programación na reunión de ciclo, que se celebrará cunha periodicidade mensual, onde se analizará o grado de cumprimento da programación no referente á temporalización, contidos impartidos e as actividades realizadas conforme ao programado inicialmente.
- Valoración anónima dos alumnos sobre os obxectivos, contidos, temporalización, metodoloxía e avaliación do módulo.

Ao remate do mes de xuño farase unha memoria final do desenvolvemento da programación, na que consten as posibles modificacións e melloras para o seguinte curso.

Sistemática a empregar para darlle a coñecer ao alumnado a información relativa a programación:

- O inicio do curso se lle explicará o alumnado os seguintes aspectos da programación: obxectivos, criterios de avaliación aplicados para evidenciar a adquisición das competencias establecidas no currículo, así como o nivel mínimo que se considera suficiente para alcanzar a avaliación positiva.
- Tamén se explicarán as normas de conduta a manter no desenvolvemento das clases.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao abeiro do art. 28 da Orde do 12 Xullo de 2011, ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais dos alumnos, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao profesor/a.

O titor/a do grupo na sesión de avaliación inicial aportaranos, a información dispoñible dos alumnos sobre: características xerais do grupo, e ás específicas académicas ou persoais con incidencia educativa. A tal fin valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co Departamento de Orientación en caso de detectar alumnos con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

Durante o curso realizarase ao inicio de cada unidade didáctica unha avaliación inicial, a través dun pequeno coloquio ou treboadas de ideas, que indique o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

O seguimento da programación terá por obxecto coñecer ás características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar ao alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzarase

a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptaranse tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xerais.

Así pois, surge a necesidade de realizar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexirase polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

D.C.B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.

P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.

Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.

A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas, sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión, coa conseguente dificultade na asimilación de contidos, é necesario

prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Teráse que reforzar os aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor:

Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.

Todo de cara a realizar as oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

- As capacidades terminais e os contidos
 - Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
 - Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.
 - Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.
 - Variacións na secuencia de contidos (temporalización).

- A metodoloxía
 - Técnicas de traballo cooperativo.
 - Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
 - Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
 - Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno/a, mellorar sua autoestima.

- Medidas extraordinarias: A.C.I.
- A avaliación: modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

O noso labor é formar persoas e profesionais competentes, polo que debemos axudar ao desenvolvemento dos alumnos en distintos ámbitos:

- a) Desenvolvemento profesional: se trata de que cada alumno desenvolva de forma progresiva as capacidades xerais e específicas necesarias para afrontar de xeito coherente a súa opción profesional.
- b) A identidade persoal: intentaremos contribuír ao seu desenvolvemento en distintos ámbitos: construción do autoconcepto e desenvolvemento da autoestima.
- c) Desenvolvemento Social: traballaremos en equipo, debates, coloquio, traballando a prevención e resolución de conflitos e fomentando a participación na aula.

A principais ferramentas para lograr este desenvolvemento son as ensinanzas transversais e a educación moral e ética no ámbito laboral:

A. As ensinanzas transversais.

En distintos momentos das unidades didácticas trátanse contidos transversais, sempre de forma integrada cos contidos do módulo.

A.1.Educación Ambiental

Obxectivos

1. Respetar as normas urbanísticas e ambientais, na localización e posta en marcha da empresa.

2. Desenvolver unha actitude crítica ante a ética ambiental das empresas.

3. Coñecer e reflexionar sobre os problemas ambientais actuais.

Inserción: na localización da empresa e na xestión comercial.

Metodoloxía: Formularase unha reflexión sobre a necesidade de respectar as normas urbanísticas e ambientais para a implantación da empresa. Tamén se realizará unha análise crítica das normas ambientais que afectan ás licenzas de apertura de establecementos e de obras.

Avaliación: Valorarase a descrición e análise de noticias nos medios de comunicación sobre este tema e as propostas de posibles cambios de actitude fronte á situación ambiental.

A.2.Educación moral e cívica

Obxectivos

1. Valorar a necesidade de colaboración na actividade emprendedora.

2. Ser consciente da responsabilidade do empresario sobre o desenvolvemento e a confidencialidade nos procesos de xestión dunha empresa.

3. Desenvolver criterios de actuación que favorezan intercambios responsables e comportamentos de respecto e xustiza no posto de traballo.

Inserción: na elaboración do proxecto empresarial e na xestión administrativa da empresa.

Metodoloxía: Desenvolveranse exercicios de cooperación nos procesos de creación e desenvolvemento dun proxecto empresarial, nos que sexa necesario un compromiso para levar adiante un proxecto.

Avaliación: Valorarase a actuación ante situacións de traballo en grupo nas que a colaboración determina o éxito ou o fracaso, así como a toma de decisións por parte do alumno, que supoña buscar e aplicar novas solucións ante problemas empresariais.

A.3.Educación para a igualdade entre os sexos

Obxectivos

1. Desenvolver actitudes críticas e suxerir cambios fronte a aquelas manifestacións sexistas que poidan xerarse no ámbito laboral.

2. Favorecer a igualdade de oportunidades de ambos os dous sexos no ámbito laboral.

Inserción: na elaboración do proxecto empresarial, na elaboración e a formalización da documentación administrativa e na xestión do persoal.

Metodoloxía: Formularase a resolución de conflitos ou dilemas morais, reflexionando, valorando, argumentando e actuando con respecto e tolerancia ante a diversidade social. A continuación realizarase unha posta en común de experiencias persoais que poñan de manifesto algunha vivencia de discriminación social.

Tamén se propoñerán exercicios para o desenvolvemento da autoestima.

Avaliación: Analizaranse situacións de discriminación en ámbitos laborais. Estudaranse casos que formulen a igualdade de oportunidades no ámbito laboral. E analizarase a documentación para determinar onde e por que se producen situacións de discriminación.

A.4.Educación nas novas tecnoloxías

Obxectivos: Preténdese que os alumnos adopten actitudes favorables na incorporación, o uso e a actualización das novas tecnoloxías, así como o uso de instrumentos que ofrece a tecnoloxía nos procesos de posta en marcha do proxecto empresarial.

Inserción: na elaboración do plan de empresa, na busca de lexislación e normativa e na elaboración de documentación administrativa.

Metodoloxía: Realizaranse actividades que supoñan o emprego de novas tecnoloxías tanto no ámbito de toma de decisións empresariais, coma na realización de trámites de constitución e posta en marcha e na elaboración de documentos administrativos.

Avaliación: Valorarase a aplicación de recursos relacionados coas novas tecnoloxías na elaboración do Plan de Empresa e na resolución de casos prácticos.

B. Educación moral e ética no ámbito laboral.

O tratamento dos valores éticos e morais no ámbito laboral céntrase nos seguintes aspectos:

- a) A propia identidade: autoestima, seguridade persoal, autonomía, responsabilidade, creatividade, xestión da propia formación, realización persoal e coherencia entre a súa conduta e as súas conviccións.
- b) A relación cos demais: respecto, tolerancia, diálogo, xustiza, solidariedade e defensa dos dereitos humanos.
- c) A relación co ámbito: respecto pola natureza e o patrimonio cultural.

Para tratar estes temas usaremos técnicas como debates en clase e análise de casos reais ou simulacións.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar Sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

COMPLEMENTARIAS

Visita a establecementos de diferente categoría e tipoloxía.

Cine Forum: visionado de películas como ferramenta de aprendizaxe. O alumnado deberá cubrir un cuestionario con varios temas de reflexión unha vez remata a película. Tamén dará lugar ao debate e a posta en común de ideas. É unha actividade adecuada para levar a cabo tras as sesións de avaliación de cada trimestre. Exemplos de películas que poderíamos proxectar:

- Piratas de Silicon Valley
- Catch me if you can

10.Outros apartados

10.1) .